



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita**.

Aunque la página web de la Agencia Estatal de Investigación, dependiente del Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades <https://www.aei.gob.es/> tiene teóricamente disponible la selección de idioma gallego, puede comprobarse fácilmente que al realizar esa operación lo único que se logra es el cambio de los titulares de los distintos apartados fijos o de la llamada estructura de la página, pero los contenidos y la información aparecen únicamente en español, sea cual sea la opción de idioma seleccionada.

Así pues, resulta inútil tener una opción inservible, que solo ofrece la apariencia de respeto por la realidad plurilingüe del Estado español, pero que no ofrece la posibilidad de que la información o los distintos contenidos estén disponibles en las distintas lenguas oficiales.

Si la Administración General del Estado, junto con los organismos dependientes que conforman el Sector Público, asegura que pretende evolucionar hacia el pleno reconocimiento de la diversidad lingüística y garantizar el derecho a relacionarse en las distintas lenguas, debe comenzar por lograr la plena integración de las lenguas, también en sus páginas web.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Es consciente la Agencia Estatal de Investigación de que su página web no está disponible en gallego a pesar de contar teóricamente con esta posibilidad?
2. ¿Prevé la mejora de la página web para asegurar la plena disponibilidad en gallego?
3. ¿De ser así, cuándo estarán disponibles en gallego y en el resto de las lenguas oficiales del Estado español los contenidos e informaciones de la página web de la AEI?

En Madrid, a 27 de mayo de 2026



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

27 MAY. 2026 18:26:05

Entrada **116913**

Pregunta respuesta escrita

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita.**

Aínda que a páxina web da Axencia Estatal de Investigación, dependente do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades <https://www.aei.gob.es/> ten teoricamente dispoñíbel a selección de idioma galego, pode comprobarse facilmente que realizando esa operación o único que se logra é o cambio dos titulares dos distintos apartados fixos ou da chamada estrutura da páxina, mais que os contidos e información aparecen unicamente en español, sexa cal sexa a opción de idioma seleccionada.

Así pois, resulta inútil ter unha opción inservíbel, que só ofrece a aparencia de respecto pola realidade plurilingüe do Estado español, mais que non ofrece a posibilidade de que a información ou os distintos contidos estean dispoñíbeis nas distintas linguas oficiais.

Se a Administración Xeral do Estado, xunto co resto de entidades e organismos que conforman o Sector Público, asegura que pretende evolucionar para o pleno recoñecemento da diversidade lingüística e garantir o dereito a relacionarse nas distintas linguas, debe comezar por lograr a plena integración das linguas, tamén nas súas páxinas web.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:



1. É consciente a Axencia Estatal de Investigación de que a súa páxina web non está dispoñíbel en galego a pesar de contar teoricamente con esta posibilidade?
2. Prevé a mellora da páxina web para asegurar a súa plena dispoñibilidade en galego?
3. De ser así, cando estarán dispoñíbeis en galego e no resto de linguas oficiais do Estado español os contidos e informacións da páxina web da AEI?

Madrid, a 27 de maio de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso